

NORMAS REGULADORAS DO DESENVOLVEMENTO DA UNIVERSIDADE DE VERÁN 2011

A inscrición nunha actividade da Universidade de Verán 2011 implica a aceptación destas normas.

DIPLOMA DE ASISTENCIA E CRÉDITOS

Os/as asistentes a cursos de verán terán dereito a un diploma no que constarán o título do curso, o número de horas e a asistencia.

Os/as estudantes da USC recibirán, se marcan a casiña correspondente ao formalizar a matrícula, créditos de libre configuración.

É requisito para obter a cualificación de "apto" e así recibir tanto o diploma como os créditos, a asistencia regular, cando menos, ao 80 % das horas lectivas. Cada director/a de curso establecerá o control da dita asistencia que quedará reflectida nunha acta. Os/as asistentes que obteñan a cualificación de "apto" recibirán o diploma e, se é o caso, o certificado de crédito no último día de celebración do curso.

A USC recoñece créditos para os cursos da Universidade de Verán 2011 coa seguinte equivalencia:

Para as diplomaturas, mestres, enxeñarías, enxeñarías técnicas e licenciaturas (créditos de libre elección):

2 créditos por cada curso de 30 ou máis horas

1 crédito por cada curso de menos de 30 horas

Para as titulacións de Grao adaptadas ao EEES (créditos optativos, cun máximo de 6 créditos recoñecibles por actividades de representación estudantil, actividades deportivas, actividades culturais e actividades solidarias e de cooperación):

2 créditos por cada curso de 25 ou máis horas

1 crédito por cada curso de menos de 25 horas

IMPORTE DA MATRÍCULA

Taxa xeral

cursos de 30 ou máis horas lectivas: 120 €*

seminarios e xornadas de menos de 30 horas: 70 €*

Taxa reducida, aplicable a estudantes de calquera universidade ou en estudos de formación profesional, persoas desempregadas e PDI e PAS da USC

cursos de 30 ou máis horas lectivas: 70 €*

seminarios e xornadas de menos de 30 horas: 40 €*

*Todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non están cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non teren formalizado matrícula en estudos oficiais na USC no curso académico 2010-11 ou ben, sendo alumnos/as da USC neste curso 2010/11 son de nacionalidade estranxeira ou nacionais maiores de 28 anos e non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula, deben subscribir, a parte do importe da matrícula do curso de verán, o seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe que ten un coste de 14€. A liquidación do importe do seguro farase no momento de realizar a matrícula, liquidándose xunto a esta e terá validez para todos os cursos de verán que se realicen no ano 2011.

En ningún caso será posible a devolución de taxas unha vez realizada a matrícula, agás pola suspensión do curso.

PRAZO DE MATRÍCULA

Ábrese o prazo:

En liña por internet, a partir de 30 de maio

Presencial, a partir de 20 de xuño

Acaba o prazo:

o 8 de xullo, para os cursos que se celebran na semana do 18 de xullo

o 15 de xullo, para os cursos que se celebran na semana do 25 de xullo

o 26 de agosto, para os cursos que se celebran entre o 2 e o 11 de setembro

o 2 de setembro, para os cursos que se celebran na semana do 12 de setembro

O pagamento da matrícula debe realizarse dentro dos CINCO DÍAS NATURAIS de facer a inscrición. En caso contrario, a inscrición quedará anulada.

NON SERÁ POSIBLE MATRICULARSE FÓRA DESTES PRAZOS.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

A matrícula poderá formalizarse de tres maneiras:

- 1.- Por internet
- 2.- Presencial
- 3.- Por correo ordinario

1.- Por internet

A persoa interesada premerá o botón "**MATRICÚLATE**" que ven xunto ao título do curso no que se quere matricular na relación que está máis abaixo e seguirá as instrucións.

Terá **cinco días naturais** para realizar o pagamento, en caso contrario a inscrición quedará anulada.

En todo caso, deberase remitir copia do resgardo do pagamento selado pola entidade bancaria ao fax nº 881 811208, escaneado ao enderezo electrónico cursosdeveran@usc.es ou presentalo

persoalmente en calquera dos dous centros de matriculación da Universidade de Verán (Santiago ou Lugo).

2.- Presencial

A persoa interesada dirixirase a un dos dous centros de matriculación de Cursos de Verán. Logo de comprobar se hai prazas no curso ou cursos nos que se quere matricular e de formalizar os seus datos persoais, daráselle unha folla de liquidación con dous impresos (unha para o interesado e outra para a entidade bancaria) para realizar o pagamento da taxa en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Novacaixagalicia, La Caixa, Caixa Rural Galega e Banco Santander).

Terá **cinco días naturais** para realizar o pagamento, en caso contrario a inscrición quedará anulada.

En calquera dos casos (sexa un curso con límite de prazas ou non), deberase remitir copia do resguardo do pagamento selado pola entidade bancaria ao fax nº 881 811208, escaneado ao enderezo electrónico cursosdeveran@usc.es ou presentalo persoalmente en calquera dos dous centros de matriculación da Universidade de Verán (Santiago ou Lugo).

Documentación que hai que presentar

- membros da comunidade universitaria da USC (estudantes, profesores ou PAS): nº de DNI
- estudantes doutras universidades: orixinal ou fotocopia da folla de liquidación de taxas de matrícula no curso 2010-11 ou da de exención de taxas, da credencial de bolseiro de investigación ou do certificado do departamento de estar a realizar un mínimo de 20 horas semanais de traballo de investigación
- persoas en paro: orixinal ou fotocopia do cartón de desemprego

3.- Por correo ordinario

No caso de imposibilidade de formalizar a matrícula en persoa ou por internet, poderase facer por correo. Para isto, é preciso poñerse en contacto telefónico cunha das dúas secretarías de Universidade de Verán, onde se lle informará do procedemento a seguir.